

Mediación




Estimados alumnos/as:

O noso centro, o IES A Sardiñeira, leva desenvolvendo desde o 2016 un proxecto de “Mediación de conflitos” no ámbito escolar.

O traballo de mediación vai encamiñado á solución de conflitos “entre iguais”.

Este folleto quere servir para informaros do traballo que se leva a cabo por parte do departamento de Mediación, cales son as súas características e cal é a súa finalidade.



Que é a mediación?

É un método de resolución de conflitos no que, mediante o diálogo, se chega a un acordo satisfactorio por ambas partes, axudadas por unha persoa imparcial que se chama mediadora.

Como se solicita unha mediación?

Cando un alumno/a ten un conflito cun compañeiro/a e cree que pode solucionarse con mediación, pode solicitar o servizo ó Departamento de Mediación. Calquera profesor do centro pódelle facilitar o contacto con ese Departamento para iniciar o proceso.



A continuación o **Departamento de mediación** valorará se o conflito é mediable. En caso afirmativo, ofreceráselle a mediación á outra persoa implicada no conflito. Se a outra persoa está dacordo, ámbolos dous escollerán a un mediador/a. Eses dous mediadores/as serán os encargados de realizar todo o proceso.

No noso centro temos un gran equipo de alumnos e alumnas formados en mediación, que están preparados para axudarche cando ti o solicites.

Que características ten a mediación?



1º É voluntaria: a mediación non se pode impoñer a ningún alumno/a, ten que ser aceptada polos implicados/as. Ademais, unha vez iniciado o proceso, as partes en conflito son libres de deter a mediación en calquera momento.

2º É confidencial: Únicamente os alumnos/as en conflito e os dous mediadores serán coñecedores do acontecido no proceso de mediación.

3º Os mediadores e mediadoras deben ser **neutrais e imparciais.**

Vantaxes da mediación:

- ❖ Preven a violencia.
- ❖ É unha saída positiva ós conflitos.
- ❖ Favorece a maduración persoal.
- ❖ Contribúe ó fomento de vínculos máis democráticos no centro.
- ❖ Promove a participación activa e responsable do alumnado no centro.
- ❖ Mellora a convivencia.
- ❖ Mellora a autoestima do alumnado e a súa capacidade de resolver conflitos.



Que conflitos se poden resolver coa mediación?

- Insultos, ameazas e malas relacións interpersonais,
- Amizades que se deterioraron.
- Situacións inxustas ou degradantes.



Que fan os mediadores/as?

- ✚ Non xulgan, non sancionan.
- ✚ Acolen ás persoas en conflito.
- ✚ Escoitan activamente e centran o proceso na transformación do conflito.
- ✚ Promoven a comprensión mutua.
- ✚ Axudan a chegar a un acordo satisfactorio para as persoas en conflito.



Podes atopar máis información en:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessardineira/drupal/node/1104>



Imaxes obtidas en:

pixabay 